

RESOLUCIÓN da Comisión de Selección pola que se aproban e se fan públicas a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas, as puntuacións definitivas e a adxudicación definitiva correspondente ao concurso específico de méritos para prover postos de persoal docente en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos desta consellería, convocado mediante a Orde do 23 de xuño de 2025 (DOG n.º 122, do 27 de xuño) (código de procedemento ED013C)

Mediante a Orde do 27 de xuño de 2025 convocouse concurso específico de méritos entre persoal funcionario de carreira e en prácticas dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para prover postos de persoal docente en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos desta consellería (DOG n.º 122, do 27 de xuño) (código de procedemento ED013C).

Pola súa banda, mediante Resolución do 24 de xullo de 2025 da Comisión de Selección apróbanse e fanse públicas, con esta data no portal educativo, a relación provisional de admitidos e excluídos, as puntuacións provisorias e a adxudicación provisional correspondente ao concurso específico de méritos para prover postos de persoal docente en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos desta consellería.

A súa vez, a base novena da citada Orde do 27 de xuño de 2025 encomenda á Comisión de Selección, entre outras funcións, resolver as reclamacións que se presenten contra a antedita resolución provisional, ditar a resolución pola que se aproba e publica a relación definitiva de persoas xunto co seu baremo definitivo, así como daquelas que se exclúen definitivamente, coa causa de exclusión e elevar a proposta ao órgano de resolución, isto é, á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, da adxudicación das prazas ofertadas ás persoas previamente seleccionadas.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de reclamacións e renuncias e analizadas e resoltas as reclamacións e renuncias formuladas polas persoas concursantes nesta convocatoria, de acordo co disposto na base décimo cuarta da dita convocatoria procede aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas, o baremo definitivo e a proposta de selección definitiva e facelas públicas no portal da Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal).

En consecuencia, esta Comisión de Selección

## RESOLVE

**Primeiro.** Aprobar e facer pública, no portal da Internet desta consellería [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal), como anexo I desta resolución a relación definitiva de persoas candidatas admitidas e excluídas, coa especificación da/s causa/s de exclusión así como as puntuacións provisionais asignadas como resultado da aplicación do baremo que rexe de conformidade coa base sétima desta orde.

**Segundo.** Adxudicar de xeito definitivo e facer público na páxina web desta consellería [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal), como anexo II desta resolución, o destino das persoas concursantes seleccionadas para cubrir as prazas que se especifican, consonte ao establecido na base décimo segunda desta orde e segundo a orde de prelación sinalada polas persoas concursantes na súa solicitude.

Ao tempo, declarar desertas as seguintes vacantes pola casuística que se explicita:





N.º POSTO	DESTINO	MOTIVO DA DECLARACIÓN DE DESERTO
12	Amtega Abalar XADE Santiago de Compostela	RENUNCIA
20	Escola de especialidades Antonio Escaño- Ferrol (A Coruña)_Sistemas Electrónicos	NON ACADAR AS PERSOAS SOLICITANTES A PUNTUACIÓN MÍNIMA REQUIRIDA PARA O PROXECTO

**Terceiro.** De conformidade co disposto na base décimo sexta da citada convocatoria pública, as prazas adjudicaranse con carácter provisional, de maneira que as persoas seleccionadas deberán incorporarse e tomar posesión con data de efectividade do 1 de setembro de 2025, e cesarán, de ser o caso, no seu destino de procedencia o 31 de agosto do mesmo ano.

**Cuarto.** Contra esta orde, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular con carácter potestativo un recurso de reposición ante a persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, no prazo dun (1) mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous (2) meses perante o xulgado do contencioso-administrativo que resulte competente, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa

Así mesmo, as prazas adjudicaranse en réxime de comisión de servizos, por un período dun (1) ano e ata un máximo de seis (6), e con reserva do posto de traballo de orixe, de acordo co disposto no punto 2 do artigo 3 do Decreto 244/1999, do 29 de xullo, polo que se regula a cobertura de diversas prazas por funcionarios públicos docentes que impartan ensinanzas de niveis non universitarios.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O presidente da Comisión de Selección

José Carlos Barros Pardo

